

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



M.^a Magdalena Duarte Blanco
Inspectora de educación
Ferrol, 22 de maio de 2024

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Esquema-guión:
 - Educación inclusiva e atención á diversidade.
 - Definición alumnado NEAE/NEE.
 - Actuacións preventivas.
 - Avaliación psicopedagóxica, informe e ditame de escolarización.
 - Medidas de atención á diversidade:
 - Medidas ordinarias.
 - Medidas extraordinarias.
 - Outras medidas.
 - Escolarización diferente da ordinaria.
 - Conclusións.





ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Educación inclusiva e atención á diversidade (I):**
 - Mediante a **educación inclusiva** preténdese **lograr o máximo desenvolvemento** de todo o alumnado.
 - Supón **identificar, eliminar ou minimizar as barreiras** que, derivadas de **condicións persoais ou sociais do alumnado**, en determinados momentos, **poden limitar** o seu proceso de **aprendizaxe** e de **participación** no centro e na aula.
 - Require a **planificación e implementación** de **procesos** de **innovación e mellora** nos centros educativos que permitan ofrecer unha **educación de calidade** que **garanta a equidade** a todo o alumnado, coa **participación** de todos os membros da comunidade educativa.
 - **Obxectivo n.º 4 da axenda 2030: Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos.**



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Educación inclusiva e atención á diversidade (II):
 - **Deseño universal para a aprendizaxe (DUA):**
 - O DUA ten como finalidade lograr a inclusión efectiva de todo o alumnado, con independencia da súa diversidade.
 - Asegura que o currículo sexa planificado e posto en práctica de tal forma que non supoña impedimento ou barreira para as persoas no desenvolvemento das súas competencias.
 - Incide en todos os elementos do proceso educativo: na planificación de elementos curriculares prescritivos, nos medios ou recursos que se utilicen, na forma de empregalos, na metodoloxía, na avaliación, ou na organización dos agrupamentos, dos espazos e dos tempos.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Educación inclusiva e atención á diversidade (III):
 - Equidade e compensación das desigualdades en educación (art. 80 da LO 3/2020, texto consolidado):
 - Co fin de facer efectivo o principio de equidade no exercicio do dereito á educación, as **Administracións públicas desenvolverán accións dirixidas ás persoas, grupos, entornos sociais e ámbitos territoriais que se atopen en situación de vulnerabilidade socioeducativa e cultural** co obxecto de eliminar as barreiras que limitan o acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, asegurando os axustes razoables en función das necesidades individuais e prestando o apoio necesario para fomentar o máximo desenvolvemento educativo e social, de maneira que poidan acceder a unha educación inclusiva, en igualdade de condicións cós demais.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Educación inclusiva e atención á diversidade (IV):**
 - **Marco normativo que regula a atención á diversidade:**
 - **Lei Orgánica 3/2020**, de modificación da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE do 29 de decembro).
 - **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 21 de decembro).
 - **Orde do 8 de setembro de 2021**, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 ... (DOG do 26 de outubro).
 - **Decreto 150/2022**, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de educación infantil na CA de Galicia (DOG do 9 de setembro).
 - **Decreto 155/2022**, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na CA de Galicia (DOG do 26 de setembro).
 - **Decreto 156/2022**, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na CA de Galicia (DOG do 26 de setembro).
 - **Decreto 157/2022**, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na CA de Galicia (DOG do 26 de setembro).



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Alumnado NEAE/NEE (I)** (art. 6 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Alumnado con necesidade específica de apoio educativo:**
 - De conformidade co **art. 71.2 da LO 2/2006**, do 3 de maio, da educación, **enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo** as alumnas e os alumnos que requiran unha **atención diferente á ordinaria** por:
 - presentar **necesidades educativas especiais**,
 - **atraso madurativo**,
 - **trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación**,
 - **trastornos de atención ou de aprendizaxe**,
 - **descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe**,
 - se atopar en **situación de vulnerabilidade socioeducativa**,
 - **altas capacidades intelectuais**,
 - se ter **incorporado tarde ao sistema educativo** ou
 - **condicións persoais ou de historia escolar**.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Alumnado NEAE/NEE (II):
 - Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural (art. 8 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Enténdese aquel que presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.





ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Alumnado NEAE/NEE (III):**
 - **Alumnado con altas capacidades intelectuais** (art. 9 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Caracterízase por un **potencial elevado** nalgunha ou nalgunhas áreas do **desempeño humano**, en comparación co grupo de referencia.
 - **Diferénciase a precocidade, o talento e a superdotación.**
 - Para os **efectos** desta Orde **considérase alumnado con alta capacidade intelectual** o que presenta unha **capacidade intelectual igual ou superior a 130 de CI, un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas** de alta complexidade intelectual **ligadas ás súas áreas de interese.**
 - **É competencia e responsabilidade da xefatura do DO, coa colaboración dos EOE, a acreditación da alta capacidade intelectual.**



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Alumnado NEAE/NEE (IV):**
 - **Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo** (art. 10 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Unha alumna/o presenta NEAE por **incorporación tardía ao sistema educativo** cando, por proceder doutros países ou por calquera outro motivo xustificado, se **escolariza tardiamente** no noso sistema educativo e **presenta dificultades** para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade.
 - Estas **dificultades** maniféstanse, especialmente, **no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais** de Galicia e/ou **no desfasamento curricular**.
 - Os **centros garantirán** que a **escolarización do alumnado** se realice atendendo ás súas circunstancias, ás competencias, á idade e ao historial académico, de maneira que se incorpore ao curso máis adecuado ás súas características e ao nivel de competencia, cos apoios oportunos, co fin de continuar con aproveitamento a súa educación.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Alumnado NEAE/NEE (V):**
 - **Escolarización alumnado de incorporación tardía (Decreto 155/2022 e 156/2022):**
 - Realizarase **atendendo ás circunstancias, coñecementos, idade e historial académico.**
 - Cando presente **graves carencias nalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular**, recibirá atención específica que será, en todo caso, simultánea á escolarización no grupo ordinario, co que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.
 - Quen presente **desfasamento** no nivel de **competencia curricular de dous ou máis cursos** poderá ser escolarizado no **curso inferior ao que lle correspondería por idade.**
 - Para este alumnado adoptaranse as **medidas de reforzo necesarias** que faciliten a súa integración escolar e a recuperación e que lle permitan continuar con aproveitamento a súa aprendizaxe.
 - En caso de **superar ese desfasamento**, incorporarase ao curso correspondente á súa idade.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Alumnado NEAE/NEE (VI):**
 - **Alumnado de incorporación tardía en EI, EP e ESO:**
 - Escolarizarase no **momento da súa chegada**, ao longo do curso escolar.
 - Se a escolarización non coincide co prazo ordinario de admisión realizarase como escolarización fóra de prazo ou extraordinaria.
 - **Alumnado de incorporación tardía nas ensinanzas postobrigatorias:**
 - Requírese, con carácter previo, **ter solicitada a homologación/validación** das ensinanzas cursadas noutro sistema educativo.
 - Desde os **DO debe realizarse un seguimento** do alumnado matriculado nestas circunstancias para que, de ser o caso, presente no centro educativo a **credencial de homologación/validación antes da avaliación final ordinaria**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Alumnado NEAE/NEE (VII):**
 - **Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal (art. 63 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - **Ten a consideración de alumnado NEAE** polas condicións persoais ou de historia escolar.
 - No caso de que as **decisións xudiciais afecten á escolarización, garantírase o dereito á educación** e será obxecto da **atención educativa** que se estableza na correspondente **resolución xudicial**.
 - O **alumnado residente nos centros de menores** recibirá unha **atención educativa** que favoreza o seu desenvolvemento persoal, contribúa á súa **reinserción social** e dea **continuidade ao seu proceso educativo**.
 - **Finalizado** o réxime de internamento, **garantírase** a incorporación ao centro docente ordinario que lle corresponda.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Alumnado NEAE/NEE (VIII):**
 - **Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela (art. 64 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - **Ten a consideración de alumnado NEAE polas condicións persoais ou de historia escolar.**
 - **Os centros docentes asegurarán a continuidade do proceso educativo deste alumnado, adoptando as medidas de atención á diversidade que procedan.**
 - **No deseño de actividades teranse en conta as que promovan a participación e o autocoñecemento, así como as que melloren a autoestima.**



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Alumnado NEAE/NEE (IX):**
 - **Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar** (art. 65 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Considérase **alumnado afectado por medidas de violencia de xénero** aquel que o acredite nos termos que se establecen **no art. 5 da Lei 11/2007**, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
 - Na **atención educativa** deste alumnado **terase en conta**:
 - A **consideración como alumnado NEAE** polas condicións persoais ou de historia escolar.
 - A **escolarización** nos casos de **cambio de centro docente**.
 - A **continuidade do proceso educativo**, adoptando as medidas de atención á diversidade que procedan, así como o **coidado de todos os aspectos** que **favorezan o desenvolvemento persoal e social**.
 - Os centros docentes incorporarán nos **plans de convivencia actuacións destinadas á prevención, á detección e ao tratamento educativo das situacións de acoso escolar**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Acreditación da situación de violencia de xénero (art. 5 da Lei 11/2007):**
 - **A situación de violencia acreditarase por calquera das seguintes formas:**
 - a) **Certificación** da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuña ou copia autenticada pola **secretaría ou secretario xudicial** da orde de protección ou da medida cautelar.
 - b) **Sentenza condenatoria** na orde penal por homicidio ou asasinato das fillas ou fillos da muller, así como de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por quen sexa ou fora o seu cónxuxe ou por quen mantera con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia ou calquera outro documento que acredite a violencia vicaria; así como as demais sentenzas de calquera orde xurisdiccional que declaren que a muller sufriu violencia.
 - c) **Certificación** e/ou informe dos **servizos sociais** e/ou **sanitarios** da Administración pública autonómica ou local.
 - d) **Certificación** dos **servizos de acollida** da Administración pública autonómica ou local.
 - e) **Informe** do **ministerio fiscal** que indique a existencia de indicios de violencia.
 - f) **Informe** da **Inspección de Traballo e da Seguridade Social**.
 - g) Calquera outra que se estableza regulamentariamente.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Alumnado NEAE/NEE (X):**
 - **Atención educativa de alumnado pertencente a familias itinerantes** (art. 66 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Enténdese por **alumnado pertencente a familias itinerantes** aquel que, por **razóns socioeconómicas** da súa nai, pai ou persoas titoras legais, **non pode asistir de xeito continuado ao mesmo centro docente**, por ter que desprazarse entre diferentes localidades ao longo do curso escolar.
 - Este alumnado **será considerado alumnado NEAE**.
 - A **Xefatura Territorial** correspondente **garantirá a escolarización** dese alumnado nos centros docentes da contorna a onde se desprace.
 - Os **centros docentes prestarán atención especial á inclusión e á normalización** do devandito alumnado, e **porán ao seu dispor as medidas de atención á diversidade** que precise.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Alumnado NEAE/NEE (XI):**
 - **Atención educativa a mozas embarazadas** (art. 70 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Medidas** durante o embarazo e nos dous anos seguintes:
 - A **alumna será considerada NEAE** por condicións persoais ou de historia escolar.
 - Os centros **facilitarán a asistencia ás probas prenatais** ás persoas proxenitoras.
 - A **menor terá dereito a atención educativa domiciliaria**.
 - Os centros docentes **adaptaranlles as datas e o horario das probas de avaliación**.
 - **Potenciarase a comunicación e o mantemento do vínculo** co ámbito educativo.
 - Cando a asistencia non poida ser continuada **propiciarase o uso de medios telemáticos**. De ser o caso, **podería continuar na modalidade a distancia**.
 - O **DO informará** á menor das **redes de apoio existentes** no seu contorno.
 - Facilitaranse as **entradas e saídas** ao centro da menor para a **lactación**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Alumnado NEAE/NEE (XII):**
 - **Alumnado con necesidades educativas especiais** (art. 73 da LO 3/2020, texto consolidado e art. 7 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Enténdese por alumnado que presenta **NEE** aquel que afronta barreiras que limitan o acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que **require** determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.
 - O **sistema educativo** disporá dos **recursos necesarios** para a **detección precoz** e para que **poida acadar os obxectivos** establecidos para todo o alumnado.
 - As **Administracións educativas** dotarán a este alumnado do **apoio preciso** desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Actuacións preventivas (I):**
 - **Actuacións preventivas e de detección temperá** (art. 11 da Orde 8 de setembro):
 - A **identificación e a valoración** das necesidades educativas levarase a cabo á **idade máis temperá posible**.
 - A **resposta educativa** que proceda iniciárase **desde o momento en que as ditas necesidades sexan detectadas**.
 - A **detección** das necesidades educativas e a **intervención** realizaranse desde un **enfoque multidisciplinar e interinstitucional**.
 - Os **DO establecerán procedementos e elaborarán protocolos e medidas** para a **detección temperá** das necesidades educativas do alumnado.
 - A **Consellería promoverá o desenvolvemento de accións interdisciplinarias e institucionais, mediante os acordos ou convenios** que procedan, coa finalidade de favorecer **actuacións preventivas** e facilitar a **detección das necesidades educativas** e a **atención temperá** do alumnado desde a educación infantil.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Actuacións preventivas (II):**
 - **Avaliación inicial** (art. 12 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Constitúe un **factor preventivo** por excelencia, **especialmente** cando se trate de **alumnado con NEAE**.
 - Considérase fundamental a **avaliación inicial** de todo o alumnado que se incorpore ao **2º ciclo de EI** e a **cada etapa de ensino obrigatorio**.
 - Será **realizada polo equipo docente**, baixo a **coordinación do profesorado titor**.
 - Os **resultados** servirán como **referente para adoptar as decisións educativas** que corresponda e, nos casos en que **sexa necesario**, demandar da xefatura do DO a **realización dunha avaliación psicopedagóxica**.
 - O **DO asesorará** no proceso de **avaliación inicial**, así como sobre os **materiais ou instrumentos** que sexan necesarios para a recollida de información.
 - O **profesorado titor**, en colaboración coa XDO, **informará as nais, os pais ou as persoas titoras legais**. Igualmente, **informará sobre os resultados** e, cando proceda, das **medidas de atención á diversidade** que se consideren necesarias.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Concrecións curriculares (art. 14.2 do Decreto 156/2022):**
 - **A concreción curricular da etapa incluírá, como mínimo:**
 - a) A adecuación dos obxectivos da etapa ao contexto do centro.
 - b) A contribución á adquisición das competencias clave.
 - c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.
 - d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.
 - e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.
 - f) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.
 - g) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.
 - h) Os criterios xerais para a avaliación e a promoción.
 - i) As decisións e os criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.
 - j) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.
 - k) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Avaliación psicopedagóxica, informe e ditame de escolarización (I):**
 - **Avaliación psicopedagóxica: concepto, finalidade e competencia** (arts. 13-14 da Orde do 8 de setembro):
 - **Concepto:** Proceso sistemático de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do contexto escolar, do contorno sociofamiliar e dos elementos que interveñen no proceso de E/A.
 - **Finalidade:** **Fundamentar e concretar as propostas e as decisións sobre a resposta educativa** a adoptar en relación con aspectos como a:
 - **modalidade de escolarización** máis axeitada,
 - **determinación dos recursos e dos apoios específicos** necesarios,
 - **proposta de medidas de atención á diversidade,**
 - **orientación educativa e profesional ...**
 - **É competencia da XDO, co **asesoramento**, de ser o caso, do EOE.**
 - **Nos casos en que proceda, será realizada directamente polo EOE.**



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Avaliación psicopedagóxica, informe e ditame de escolarización (II):**
 - **Avaliación psicopedagóxica: situacións** en que se require (art. 15 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Existencia de **discapacidade, trastorno ou circunstancia** que afecte o desenvolvemento xeral do alumnado, así como a aprendizaxe.
 - Se existen **indicios** de **altas capacidades intelectuais**.
 - Os resultados da **avaliación inicial** deben **complementarse** con esa avaliación.
 - Prevese a **necesidade** dalgunha **medida extraordinaria** de atención á diversidade que require, previamente, esa avaliación.
 - Prevese a **necesidade** de **recursos educativos complementarios** ou **apoios especializados** de difícil xeneralización.
 - Considérase **necesario** elaborar ou modificar o **ditame de escolarización**.
 - Cando por **circunstancias excepcionais** o demande a Administración educativa.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Avaliación psicopedagóxica, informe e ditame de escolarización (III):**
 - **Avaliación psicopedagóxica: solicitude** (art. 16 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Con carácter xeral, corresponde ao **profesorado titor** e, de acordo, co protocolo de demanda realizar a solicitude á xefatura do departamento de orientación.
 - Nos casos de **alumnado en proceso de admisión**, será a **dirección do centro** quen a demande á XDO e, no caso de **alumnado matriculado noutro centro**, solicitarase a información necesaria á XDO do centro de procedencia.
 - En determinadas circunstancias a **solicitude pode proceder da Administración educativa, da XDO, ou das nais, pais ou persoas titoras legais** do alumnado.
 - As **nais, os pais ou as persoas titoras legais** do alumnado **deberán ser informadas** da realización da avaliación psicopedagóxica, da súa finalidade, dos resultados e das posibles orientacións ou propostas de actuación. Destas informacións quedará constancia escrita.



ACTUALIZACIÓN

DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Avaliación psicopedagóxica, informe e ditame de escolarización (IV):**
 - **Avaliación psicopedagóxica: proceso e protocolo de demanda** (arts. 18-19 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - A avaliación psicopedagóxica **iniciarase a partir do protocolo de demanda**.
 - Na demanda deberá **acreditarse a información** á nai/pai ou persoas titoras legais.
 - A **xefatura do departamento de orientación** realizará a **avaliación psicopedagóxica** e emitirá o correspondente **informe psicopedagóxico**.
 - A **xefatura do departamento de orientación** será **responsable** de elaborar o **protocolo para a demanda** da avaliación psicopedagóxica, que **formará parte do PXAD**, e darase a coñecer á comunidade educativa.
 - Os **EOE** porán ao **dispor** dos centros docentes un **protocolo unificado de demanda** para a súa colaboración.
 - <https://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/649/651>



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Avaliación psicopedagóxica, informe e ditame de escolarización (V):**
 - **Informe psicopedagógico: concepto e competencia** (art. 20 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Concepto**: documento en que se recollen os resultados e conclusións da avaliación psicopedagóxica.
 - Nel **deberán constar**:
 - a **situación evolutiva e educativa** da alumna ou do alumno,
 - a **concreción e a valoración** do tipo de **NEAE** que presenta,
 - as **orientacións** e as **propostas organizativas e curriculares**,
 - as **axudas e os recursos necesarios**,
 - o **procedemento** para a **revisión e a actualización do informe**, e cantas outras orientacións se consideren oportunas.
 - A **elaboración compete** á **XDO do centro** en que **estea matriculado o/a alumno/a** ou, de ser o caso, do **centro** para o que **solicita praza**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Avaliación psicopedagóxica, informe e ditame de escolarización (VI):**
 - **Informe psicopedagógico: contido** (art. 21 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **O informe psicopedagógico debe incluír:**
 - Datos persoais do/a alumno/a.
 - Datos da demanda e motivo da avaliación.
 - Desenvolvemento xeral.
 - Aspectos relevantes do proceso de E/A.
 - Identificación das NEAE.
 - Proposta de recursos e medidas de atención á diversidade.
 - Orientacións para a resposta educativa.
 - Procedemento para o seguimento e/ou revisión do informe.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Avaliación psicopedagóxica, informe e ditame de escolarización (VII):**
 - **Informe psicopedagógico: Contido** (art. 21 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Cando o informe psicopedagógico forme parte dun ditame de escolarización, deberá incluír a proposta de escolarización máis adecuada, en función das NE que presente o/a alumno/a e dos recursos que necesite.
 - Nos casos en que a XDO considere que procede **adaptar o currículo** de determinada materia debe manifestalo no informe psicopedagógico, sen que teña carácter vinculante para o equipo docente.
 - Nos casos en que a xefatura do departamento de orientación considere conveniente unha **flexibilización** da duración do período de escolarización debe manifestalo no informe psicopedagógico, sen que teña carácter vinculante para a adopción desa medida.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Avaliación psicopedagóxica, informe e ditame de escolarización (VIII):**
 - **Informe psicopedagógico: Revisión, información e confidencialidade** (art. 22-24 da Orde do 8 de setembro):
 - Ten **carácter revisable**, polo que se **actualizará** cando se produzan **modificacións significativas** da súa situación.
 - Revisarase, como mínimo, **ao comezo** de cada **etapa educativa**.
 - A xefatura do DO informará ao **profesorado titor** e ás **familias**.
 - No caso de que as **familias demanden copia** deberán **solicitalo** por escrito á **dirección** do centro.
 - Ten **carácter confidencial**, polo que **levará esa indicación** en **todas as páxinas**.
 - As persoas que, **por razón do seu cargo ou función, teñan coñecemento** do contido **do informe psicopedagógico** están **obrigadas a gardar sxiilo, conforme á Lei 2/2015**, de emprego público de Galicia, **e á Lei orgánica 3/2018**, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Avaliación psicopedagóxica, informe e ditame de escolarización (IX):**
 - **Ditame de escolarización:**
 - **Concepto** (art. 34 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Consiste nun **informe persoal** dunha alumna ou dun alumno con NEAE, **elaborado** polos servizos de orientación e no cal se **recollen**, cando menos:
 - as **conclusións** da avaliación psicopedagóxica,
 - as **orientacións** sobre a proposta curricular,
 - a **previsión** dos recursos e apoios persoais e materiais necesarios,
 - a **proposta de escolarización** e
 - a **opinión** das nais, dos pais ou das persoas titoras legais.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Avaliación psicopedagóxica, informe e ditame de escolarización (X):**
 - **Ditame de escolarización: situacións en que se require** (art. 35 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Realízase no caso de que se consideren necesarios **recursos extraordinarios** ou **modalidade de escolarización distinta da ordinaria**, nas seguintes situacións:
 - Alumnado que se **incorpora** por primeira vez ao sistema educativo.
 - Alumnado que **comeza** un novo tipo de ensinanzas.
 - Alumnado para o cal se **propón** cambio na modalidade de escolarización.
 - Alumnado que presente outras **situacións de carácter excepcional** que a Administración educativa considere.
 - Cumprirá un ditame de escolarización nos casos de **alumnado con NEE** para o que se propoña **escolarización** en **centros docentes ordinarios de escolarización preferente, en unidades de EE ou en CEE.**



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Avaliación psicopedagóxica, informe e ditame de escolarización (XI):**
 - **Ditame de escolarización:**
 - **Procedemento para a elaboración** (art. 36 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Realización** da avaliación psicopedagóxica.
 - **Elaboración** do ditame de escolarización que incluírá:
 - **Datos persoais** da alumna ou do alumno.
 - **Conclusións** do proceso de avaliación psicopedagóxica.
 - **Tipos de apoio** material e profesional necesario.
 - **Proposta razoada** da escolarización que se propón.
 - **Acreditación**, por escrito, da opinión da nai, do pai ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno, sobre a proposta de escolarización.



ACTUALIZACIÓN

DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Opción a posto reservado a alumnado con NEAE** (art. 28 da Orde do 21 de outubro de 2022):
 - **1.** Na solicitude de admisión a persoa solicitante poderá optar expresamente por un posto reservado ao alumnado con NEAE.
 - Neste caso, o centro docente remitirá esta solicitude, a documentación xustificativa das situacións e circunstancias concretas do alumnado e a súa avaliación psicopedagóxica inicial á xefatura territorial respectiva, no prazo máximo de 10 días hábiles seguintes ao da presentación da solicitude.
 - **2.** O EOE, á vista da documentación e do informe inicial do centro, emitirá o seu informe preceptivo e non vinculante, indicando se procede ou non a escolarización con cargo á reserva de prazas de alumnado con NEAE.
 - **3.** A xefatura territorial remitirá os informes do EOE aos centros afectados con copia á inspección educativa, antes da publicación da listaxe provisional do alumnado admitido e non admitido.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Medidas de atención á diversidade (I):
 - Principios xerais de actuación (art. 4 do Decreto 229/2011):
 - **A atención á diversidade** rexerase polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
 - **Abrangue a totalidade do alumnado.**
 - **Terase en conta nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión.**
 - **As accións preventivas e a detección temperá** terán carácter prioritario.
 - **Priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador.**
 - **A intervención educativa** basearase nun **enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación** entre os profesionais.
 - **As nais, pais ou titores e titoras legais recibirán información e asesoramento** respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.
 - **A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas** na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas de atención á diversidade (II):**
 - **Medidas educativas de atención á diversidade** (art. 41 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Concepto**
 - De conformidade co art. 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, son **medidas de atención á diversidade** as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.
 - Estas medidas clasifícanse en **ordinarias e extraordinarias.**
 - Estarán recollidas no **Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.**



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas ordinarias de atención á diversidade (I)** (art. 42 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Concepto:**
 - De conformidade co art. 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse **medidas ordinarias de atención á diversidade** todas as que faciliten a **adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación**, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas ordinarias de atención á diversidade (II)** (art. 8 do Decreto 229/2011 e arts. 43-53 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Adecuación da **estrutura organizativa do centro e aula** ás características do alumnado.
 - Adecuación das **programacións didácticas**.
 - **Metodoloxías** baseadas no traballo colaborativo, aprendizaxe por proxectos...
 - **Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación**.
 - Aulas de **atención educativa e convivencia**.
 - **Desdobramentos de grupos**.



ACTUALIZACIÓN

DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas ordinarias de atención á diversidade (III)** (art. 8 do Decreto 229/2011 e arts. 43-53 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.**
 - **Programas de enriquecemento curricular.**
 - **Plan específico para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.**
 - **Plan de reforzo para o alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar.**
 - **Plan específico personalizado para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso.**
 - **Programas de habilidades e competencias sociais.**
 - ...



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas ordinarias de atención á diversidade (IV):**
 - **Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado** (art. 43 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Os **centros** docentes **deberán establecer criterios** para:
 - A elaboración dos horarios do alumnado.
 - A asignación das titorías.
 - O agrupamento do alumnado.
 - A distribución das aulas, das unidades e/ou dos espazos.
 - Na **organización** e na **xestión das aulas** procurarase a participación de todo o alumnado, o acceso aos recursos, a flexibilidade nos agrupamentos e todo o que favoreza a interacción, a convivencia e a aprendizaxe compartida.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas ordinarias de atención á diversidade (V):**
 - **Adecuación das programacións didácticas** ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno (art. 44 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - As **programacións didácticas** deberán estar **guiadas polo estilo pedagóxico do centro**, articulado no **proxecto educativo**.
 - Este **estilo pedagóxico** estará definido pola **liña metodolóxica** e as **culturas da inclusión, da diversidade, da coordinación, da participación, da colaboración, da tecnoloxía, da innovación, da avaliación, da recuperación e da relación co contorno e diferentes institucións**.
 - O profesorado **desenvolverá as programacións didácticas** considerando o **estilo pedagóxico, o nivel de competencia curricular** de cada alumna/o e as **axudas** que precise, e **tendo en conta os principios do DUA**, facilitando **espazos de participación** para todas as alumnas e alumnos.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas ordinarias de atención á diversidade (VI):**
 - **Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión (art. 45 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - **As liñas metodolóxicas** definidas no **proxecto educativo** deben ser o **garante da inclusión e dos axustes necesarios** á realidade de cada alumna e alumno.
 - Na **planificación docente**, no marco dos principios do DUA, poderán utilizarse **distintas estratexias de traballo colaborativo**, tales como, os **grupos heteroxéneos**, a **aprendizaxe por proxectos**, a **aprendizaxe servizo e a tutoría entre iguais**, entre outras.
 - O **profesorado empregará as alternativas metodolóxicas** que mellor se adapten á construción que cada alumna/o debe facer da súa aprendizaxe, segundo as áreas, materias, ámbitos e/ou módulos, os espazos e tempos.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

– Medidas ordinarias de atención á diversidade (VII):

- **Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación** (art. 46 da Orde do 8 de setembro de 2021, Decreto 155/2022, Decreto 156/2022):
 - O **profesorado adaptará os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación** ás circunstancias do alumnado.
 - Esta adaptación **terá consideración especial** no caso do **alumnado NEAE**.
 - Na **adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación** poderanse considerar a **forma de comunicación** que o alumnado necesite, a **secuenciación das tarefas**, a **verificación da comprensión das tarefas**, a **dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos** e a **concesión do tempo necesario**.
 - Estableceranse **medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas** na **ensinanza** e na **avaliación da lingua estranxeira** para o **alumnado con NEAE** que presenta **dificultades** na súa **comprensión e expresión**. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas,
 - Prestarase **atención ás propostas** que, en relación coa **avaliación**, **figuran nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos** da Consellería.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas ordinarias de atención á diversidade (VIII):**
 - **Aula de atención educativa e convivencia** (art. 47 da Orde do 8 de setembro):
 - **Atende temporalmente** alumnado que, pola súa **conduta inadecuada**, impide o normal desenvolvemento do traballo do grupo-clase.
 - Corresponde ao **profesorado** que **remita alumnado** a esa aula **proporcionar** as **tarefas** que **deba realizar, corrixilas e avalialas**.
 - O alumnado **deberá desenvolver** o **programa de habilidades e competencias sociais** que se regula no art. 53 desta Orde.
 - As **nais, pais e persoas titoras legais** do alumnado remitido a esta aula **serán informadas** e indicaráselles o **motivo** desa remisión.
 - A **xefatura de estudos** levará un **registro** do alumnado derivado, o **profesorado** que o deriva e os **motivos**.
 - Esta aula **poderá empregarse** cos **mesmos fins** que a **aula de convivencia inclusiva** á que se refire o art. 25 do Decreto 8/2015.



ACTUALIZACIÓN

DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas ordinarias de atención á diversidade (IX):**
 - **Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria** (art. 48 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - O reforzo educativo afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía.
 - Está **destinado ao alumnado** que coa **modificación dos elementos citados** pode seguir o proceso ordinario de E/A.
 - As **medidas de RE debe elaboralas o profesorado que imparta a materia** co coñecemento do profesorado titor, e este **deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai** ou as persoas titoras legais do alumnado.
 - O **desenvolvemento do RE** levarase a cabo no **contexto escolar ordinario** e polo **profesorado** que imparte a **área**. En determinados casos **pode contar coa colaboración do profesorado con dispoñibilidade horaria**, que actúa como **apoio xeral ao conxunto da aula**.
 - Ao final do curso, **o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual** segundo o **modelo** deseñado polo DO.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Medidas ordinarias de atención á diversidade (X):
 - Modelo de informe individual final de curso sobre as medidas de RE:

ANEXO I

**INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE
AS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO (RE)**

CURSO: 20 ____ - 20 ____

DATOS DA ALUMNA OU DO ALUMNO:

APELIDOS: _____ NOME: _____
DATA DE NACEMENTO: _____ CURSO: _____ ETAPA: Infantil: ☐ NIVEL: _____
Primaria: ☐ CICLO: 1º: ☐ 2º: ☐ 3º: ☐ NIVEL: _____ GRUPO: _____
Secundaria obrigatoria: ☐ CURSO: 1º: ☐ 2º: ☐ 3º: ☐ 4º: ☐ GRUPO: _____
Outra: ☐ Especificala: _____

Por cada ÁREA OU MATERIA EN QUE A ALUMNA OU O ALUMNO RECEBU RE.

1. ÁREA OU MATERIA: _____

2. DATOS DO PROFESORADO DA ÁREA OU MATERIA:
APELIDOS: _____ NOME: _____

3. DATOS DO REFORZO EDUCATIVO:
DATA DE COMEZO DO RE: _____ DATA DE REMATE DO RE: _____
DESCRICIÓN DAS MEDIDAS DESENVOLVIDAS:

a) Cal foi o motivo? _____

b) En que consistían? (breve descrición) _____

c) Con que frecuencia se presentaban? (temporalización) _____

d) Cando se realizaba a alumna ou o alumno? _____

e) Quen lle axudaba?: (profesorado con dispoñibilidade horaria) _____

f) Como se avaliaban? (corrixións): _____

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE RE:
☐ Acadáronse os obxectivos previstos nelas.
☐ Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).

PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUNTE (indíquese se se considera que esta alumna ou este alumno, no curso próximo, pode verse beneficiada/o ou non por unhas medidas regulares de reforzo educativo na área ou materia): _____

_____, ____ de _____ de 20 ____

O/a profesor/a titor/a, _____ O/a profesor/a que realizou o reforzo _____
Aado: _____ Aado: _____



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas ordinarias de atención á diversidade (XI):**
 - **Programas de enriquecemento curricular** (art. 49 da Orde do 8 de setembro):
 - Son programas de **tratamento personalizado** destinados a **alumnado** que presenta **altas capacidades intelectuais**.
 - A **finalidade** é **promover e desenvolver** os distintos **talentos** e manter o seu **nivel de motivación**.
 - As **persoas especialistas en altas capacidades intelectuais** dos **EOE** darán a **coñecer aos DO** pautas sobre **programas de enriquecemento curricular**. Será o **equipo docente** quen os desenvolva, co **asesoramento da XDO**.
 - Deberán **desenvolverse na aula ordinaria** e terán como **referente o currículo do curso en que estea escolarizado** o alumnado con altas capacidades intelectuais.
 - É **competencia e responsabilidade do profesorado de área** a oferta de actividades e a organización da aula para que a diversidade do alumnado se beneficie desa medida.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas ordinarias de atención á diversidade (XII):**
 - **Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso** (art. 50 da Orde do 8 de setembro):
 - **Finalidade:**
 - **Atender e superar as dificultades** que levaron á repetición.
 - Será **elaborado polo equipo docente**, baixo a **coordinación do profesorado titor e desenvolverase** ao longo de **todo o curso**.
 - O **plan específico** de reforzo **debe incluír**, cando menos:
 - **Identificación** da alumna ou do alumno.
 - **Relación das necesidades educativas** que motivaron a repetición do curso.
 - **Medidas ordinarias** aplicadas no curso anterior.
 - **Estratexias metodolóxicas** que se utilizarán no seu desenvolvemento.
 - **Recursos necesarios** para o desenvolvemento do plan.
 - De ser o caso, oferta de **medidas extraordinarias**.
 - Acreditación da **información á familia**.
 - En **cada sesión de avaliación** farase o **seguimento** e, de ser necesario, realizaranse os **axustes** que procedan.
 - A **final de curso** **informarase** sobre o **desenvolvemento**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas ordinarias de atención á diversidade (XIII):**
 - **Plan de reforzo para o alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar** (art. 51 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Será **elaborado polo profesorado** que imparte a **materia**, baixo as **directrices** do **departamento didáctico** e co **coñecemento do profesorado titor**.
 - O **plan de reforzo debe incluír**, cando menos:
 - **Identificación** da alumna ou do alumno.
 - **Información relevante** sobre a/s materia/s sen superar.
 - **Currículo** para **desenvolver**.
 - **Estratexias metodolóxicas** que se utilizarán no seu desenvolvemento.
 - **Recursos necesarios**.
 - **Tarefas para realizar**, coa debida **temporización**.
 - **Seguimento e avaliación**.
 - **Acreditación da información á familia**.
 - En cada **sesión de avaliación** farase o **seguimento** e, de ser necesario, realizaranse os **axustes** que procedan.
 - Na **avaliación final** o/a profesor/a da materia **decidirá sobre a avaliación**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas ordinarias de atención á diversidade (XIV):**
 - **Plan específico personalizado para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso (art. 52 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - **Elabórase o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado tutor.**
 - **O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:**
 - **Identificación** da alumna ou do alumno.
 - **Relación das necesidades educativas** que motivaron a repetición.
 - **Medidas ordinarias** aplicadas no curso anterior.
 - **Estratexias metodolóxicas** que se utilizarán.
 - **Recursos necesarios.**
 - De ser o caso, oferta de **medidas extraordinarias.**
 - Acreditación da **información á familia.**
 - En **cada sesión de avaliación farase o seguimento** e, de ser necesario, realizaranse os **axustes** que procedan.
 - Ao **final do curso**, na sesión de avaliación, **informarase** sobre o seu **desenvolvemento** e o seu **aproveitamento.**



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas ordinarias de atención á diversidade (XV):**
 - **Programas de habilidades e competencias sociais** (art. 53 da Orde do 8 de setembro):
 - De acordo co art. 24 do Decreto 8/2015, **o departamento de orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais**, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en **condutas disrutivas**, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro.
 - Así mesmo, **elaborarase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais** específico para **aquel alumnado** que, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, estea **temporalmente privado** do seu **dereito de asistencia ao centro**.
 - Estes **programas** formarán parte do PXAD.
 - O **seguimento e avaliación** realizaraos o DO.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (I):**
 - **Concepto** (art. 54 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - De conformidade co art. 9 do Decreto 229/2011, considéranse **medidas extraordinarias de atención á diversidade** todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con NEAE que poden requirir **modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo**, así como, de ser o caso, nos **elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización**.
 - Aplicaranse logo de **esgotadas as medidas de carácter ordinario** ou por resultaren estas insuficientes.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (II)** (arts. 55-70 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Adaptacións curriculares.
 - Agrupamentos flexibles.
 - Apoio do profesorado especialista en PT/AL.
 - Flexibilización da duración do período de escolarización.
 - Programas de diversificación curricular.
 - Atención educativa domiciliaria e/ou hospitalaria.
 - Grupos de adquisición de linguas.
 - Grupos de adaptación da competencia curricular.
 - ...



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (III):**
 - **Adaptacións curriculares** (art. 55 da Orde do 8 de setembro):
 - **Concepto:**
 - Son **medidas extraordinarias** que **afectan aos elementos prescritivos do currículo**.
 - Considéranse **elementos prescritivos do currículo** aqueles que, como tales, **recolle a normativa** pola que se **regula o currículo**.
 - Van **dirixidas** ao alumnado con **NEE** e, **excepcionalmente, ao (resto do) alumnado NEAE**.
 - Cumprirá que no **informe psicopedagógico** se entenda como a medida máis idónea.
 - Realizaranse **despois da aplicación** doutras **medidas** de atención á diversidade.



ACTUALIZACIÓN

DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (IV):**
 - **Adaptacións curriculares** (art. 55 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Realizaranse **na EP e na ESO**, sen prexuízo das **adaptacións** que se requiran para as **flexibilizacións** da duración do período de escolarización.
 - Suporán a **modificación, ampliación, redución ou supresión** de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo.
 - Axustaranse ao **nivel de competencia curricular** da/o alumna/o, ao seu **desenvolvemento** e ao **potencial de aprendizaxe**, así como ás súas **características persoais e sociais**.
 - **Partirase do currículo de referencia**, entendido como o do ciclo/nivel en que a/o alumna/o estea matriculada/o, para chegar ao **currículo adaptado**, entendido como o que conforma a AC que se vai desenvolver ao longo do ciclo/curso.
 - A **familia** será **informada** da medida, do cal quedará **constancia por escrito**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (V):**
 - **Adaptacións curriculares** (art. 55 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Procedemento** para a **elaboración**:
 - Realización da **avaliación psicopedagóxica** e do **informe psicopedagóxico**.
 - **Convocatoria** e coordinación, por parte da xefatura de estudos, **dunha reunión** á cal deben asistir o equipo docente e a XDO, para **decidir a pertinencia** da AC.
 - Elaboración da **proposta de AC** de cada materia por parte do profesorado que a imparte e no **modelo** que o centro teña establecido no **PXAD**.
 - A **XDO** conformará o **expediente** da AC, e xuntaráselle copia da **acta da reunión** en que se decidiu realizar a AC.
 - A **dirección** do centro **enviará o expediente da AC** ao **servizo territorial de inspección educativa**, a quen lle compete a **autorización**.
 - A **solicitud** farase antes da finalización do mes de novembro, **agás** no caso das AC que forman parte dos expedientes de **flexibilización** da duración do período de escolarización.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Medidas extraordinarias de atención á diversidade (VI):
 - Adaptacións curriculares (art. 55 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Expediente de AC:

ANEXO II	
EXPEDIENTE DE ADAPTACIÓN CURRICULAR	
1.	DATOS PERSOAIS DO ALUMNO OU DA ALUMNA
2.	DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE
2.1.	CARACTERÍSTICAS DO DESENVOLVEMENTO
2.2.	DATOS MÉDICOS RELEVANTES
3.	DATOS PSICOSOCIAIS MÁIS RELEVANTES
3.1.	DESENVOLVEMENTO COGNITIVO
3.2.	TRAZOS DA PERSONALIDADE
3.3.	INTERESES MANIFESTADOS
3.4.	NÍVEL DE ADAPTACIÓN PERSOAL E INTERACCIÓN SOCIAL
4.	DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR
4.1.	ESTRUTURA FAMILIAR
4.2.	LINGUA MATERIAI DA FAMILIA
4.3.	CARACTERÍSTICAS DA DINÁMICA FAMILIAR
4.4.	EXPECTATIVAS FAMILIARES SOBRE A ALUMNA OU O ALUMNO
4.5.	PAUTAS EDUCATIVAS, VALORES E NORMAS NO SEU FAMILIAR
4.6.	RELACIÓN E COOPERACIÓN CO CENTRO EDUCATIVO
5.	DATOS DO CONTORNO ESCOLAR
5.1.	FORMA ORGANIZATIVA DO CENTRO
5.2.	FORMA ORGANIZATIVA DA AULA
5.3.	COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN DOS DISTINTOS SERVIZOS EDUCATIVOS
6.	DATOS PEDAGÓXICOS
6.1.	ASPECTOS RELEVANTES DA ESCOLARIZACIÓN
6.2.	CURRÍCULO DE REFERENCIA
6.3.	COMPETENCIAS KA ADQUIRIDAS RESPECTO DO CURRÍCULO DE REFERENCIA EN CADA UNHA DAS ÁREAS OU MATERIAS
6.4.	NECESIDADES EDUCATIVAS RESPECTO DAS CAPACIDADES (CRITERIOS DE AVALIACIÓN) ESTABLECIDAS NO CURRÍCULO DE REFERENCIA
6.5.	PREFERENCIA DE APRENDIZAXE
6.6.	ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE
6.7.	GRAO DE MOTIVACIÓN E INTERESES EDUCATIVOS
6.8.	PERTINENCIA DE REALIZAR UNHA ADAPTACIÓN CURRICULAR E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APLICADAS
6.9.	PERIODO DE TEMPO PARA O CAL SE PROPÓN A ADAPTACIÓN CURRICULAR
6.10.	ÁREAS OU MATERIAS PARA ADAPTAR
6.11.	RECURSOS PARA EMPLEGAR
6.12.	SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA ADAPTACIÓN CURRICULAR
6.13.	CRITERIOS PARA A PROMOCIÓN
6.14.	DE SER O CASO, CRITERIOS PARA A TITULACIÓN
7.	ACREDITACIÓN DA INFORMACIÓN Á FAMILIA E OPINIÓN DESTA
8.	PERSOAS PROFESIONAIS PARTICIPANTES
8.1.	DIRECCIÓN
8.2.	SEIATURA DE ESTUDOS
8.3.	PROFESORADO TITOL
8.4.	PROFESORADO DAS ÁREAS OU MATERIAS ADAPTADAS
8.5.	PROFESORADO DE APOIO
8.6.	SEIATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
8.7.	OUTRAS PERSOAS PROFESIONAIS

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Medidas extraordinarias de atención á diversidade (VII):
 - Adaptacións curriculares (art. 55 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Expediente de AC:

9. PROPOSTA CONCRETA DAS ÁREAS OU MATERIAS ADAPTADAS (CURRÍCULO ADAPTADO)				
Adaptación curricular da área ou materia de _____		Etapas: _____		Nivel: _____
Bloque: CURRÍCULO DE REFERENCIA (Decreto 105/2014, do 4 de setembro, ou Decreto 86/2015, do 25 de xuño)				
CURRÍCULO ADAPTADO				
Criterio de avaliación: (1)	(2)	Contidos:	Criterio de avaliación: (3)	Estándares de aprendizaxe:
Competencias adquiridas:				
Orientación metodolóxica: (precise metodoloxía, espazos, recursos, temporización...)				
Avaliación				
Criterios de cualificación:				
Instrumentos de avaliación:				
Avaliación de competencias clave				

(1) Deben transcribirse os criterios de avaliación do decreto do currículo que corresponda. Cada criterio do currículo de referencia debe ter un correspondente no currículo adaptado, agás que se suprima.

(2) Indíquese a súa redución (R), ampliación (A) ou supresión (S).

(3) Debe manterse a mesma codificación dos criterios de avaliación que figuran nos decretos de currículo.

..... de de 20....

O/a profesor/a titor/a,

O/a profesor/a das áreas/materias adaptadas,

O/a xefe/a do Departamento de Orientación

Asdo.: _____

Asdo.: _____
Vº e prace
O/a director/a do centro docente,

Asdo.: _____

Asdo.: _____

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (VIII):**
 - **Adaptacións curriculares** (art. 55 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - O **desenvolvemento** da AC **realizarase**, na medida do posible, no contexto da **aula ordinaria**, **coordinado** polo **profesorado titor**, quen **convocará as reunións de seguimento** necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da AC.
 - A **avaliación** do alumnado nas áreas ou materias adaptadas **realizaraa o profesorado que as imparte**, coas **achegas do profesorado de apoio**, de ser o caso, e **conforme os criterios de avaliación establecidos na AC**.
 - As **cualificacións** expresaranse **nos mesmos termos** cós establecidos na normativa que regula a avaliación da ensinanza en que está matriculado/a o/a alumno/a.
 - **Os referentes da avaliación do alumnado con AC serán os incluídos na dita adaptación sen que poida impedirle a promoción ou titulación.**

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (IX):**
 - **Adaptacións curriculares** (art. 55 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - A **información das avaliacións** que se facilite **ás familias** incluírá as **cualificacións obtidas** nas áreas ou materias adaptadas, **segundo os criterios de avaliación incluídos na AC**.
 - Nesta información **incluirase unha valoración cualitativa** do progreso da/o alumna/o. O **profesorado titor será o responsable**, coa colaboración do equipo docente e da XDO, de **elaborar e trasladar esa información**.
 - A **duración** da AC poderá ser **dun ciclo/curso**, en función da etapa educativa en que estea escolarizado/a o alumno ou a alumna.
 - Calquera **modificación** referida aos **elementos prescritivos** do currículo da AC autorizada **requerirá nova autorización** polo servizo de inspección.
 - As **nais, pais ou persoas titoras legais teñen dereito** a que se lles facilite, por parte do centro, e logo da súa solicitude, **copia da AC autorizada**.

ACTUALIZACIÓN

DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (X):**
 - **Agrupamentos flexibles** (art. 56 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Consisten en **agrupamentos temporais** de alumnado que presenta **dificultades de aprendizaxe** en determinadas áreas ou materias en que necesita **atención máis individualizada**.
 - Só poderán realizarse nos **dous derradeiros cursos de EP e na ESO**.
 - O **alumnado pertencerá a un mesmo nivel educativo**, e manterase a **coordinación** entre o profesorado do grupo ordinario e o do agrupamento.
 - Ten **carácter reversible**. A finalidade é a pronta incorporación do alumnado ao grupo ordinario.
 - Poderán realizarse, **prioritariamente**, nas materias de **Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura e Matemáticas**.
 - O **alumnado permanecerá nestes agrupamentos a totalidade** do horario semanal da materia.
 - **Unha mesma/o alumna/o** poderá derivarse a **máis dun agrupamento flexible**, sempre que non se superen, con carácter xeral, os **13 períodos lectivos** do horario semanal do grupo ordinario.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XI):**
 - **Agrupamentos flexibles** (art. 56 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Deberán organizarse co **profesorado con dispoñibilidade horaria** e, prioritariamente, co **que conte coa especialidade da materia**.
 - O **nº máximo** de alumnado será **8 en EP e 10 na ESO**.
 - **Procedemento** para a **conformación dun agrupamento flexible**:
 - Convocatoria **dunha reunión**, por parte da xefatura de estudos, logo da **avaliación final**, á cal asistirán a **XDO e o profesorado titor do nivel educativo**, para analizar o **alumnado** obxecto de **agrupamento flexible**.
 - O **alumnado** proposto **non poderá contar** no mesmo curso **con AC**.
 - **Informe do profesorado titor**.
 - **Informe da XDO** sobre as circunstancias do alumnado proposto.
 - **Información** á nai, pai ou persoas titoras legais sobre a medida e a súa **conformidade expresa**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XII):**
 - **Agrupamentos flexibles** (art. 56 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **A dirección solicitará a autorización, incluíndo:**
 - As materias que se impartirán nos agrupamentos, así como as programacións adaptadas de cada unha delas.
 - A **relación de alumnado seleccionado**, con **indicación dos criterios de selección** e das **medidas ordinarias aplicadas**.
 - O **horario semanal** en que o alumnado permanecerá no agrupamento.
 - A **relación de profesorado** que se encargará da docencia.
 - O **procedemento de coordinación** entre o profesorado do agrupamento e o profesorado da área ou materia do grupo ordinario.
 - A **conformidade expresa** das nais/pais ou das persoas titoras legais.
 - A **autorización** corresponde á **inspección educativa**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XIII):**
 - **Agrupamentos flexibles** (art. 56 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - No caso de **alumnado de nova incorporación** a decisión adoptarase tendo en conta a **información** achegada polo **departamento de orientación do centro de procedencia**, ou **trala avaliación inicial**.
 - A **proposta de incorporación**, de ser o caso, realizarase **ata o mes de xaneiro**, incluído.
 - A **avaliación e a cualificación** corresponderá ao **profesorado que imparte a materia no agrupamento flexible**.
 - Ao **remate do curso escolar**, o **profesorado titor**, coa colaboración da xefatura do DO e o profesorado que imparte as materias do agrupamento, **elaborará un informe individualizado** de cada alumna/o que participase nel, no que se **indicará a efectividade** da medida, así como a **proposta sobre a continuidade**, se procede, no curso seguinte.
 - A **participación** do alumnado farase constar nos documentos de avaliación.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XIV):**
 - **Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de EI, EP e ESO (art. 58 da Orde do 8 de setembro):**
 - Enténdese por **flexibilización** da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con **altas capacidades intelectuais** ou de alumnado con **NEE**.
 - A **acreditación das altas capacidades intelectuais** ou das **NEE** corresponde aos **servizos de orientación**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XV):**
 - **Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de EI, EP e ESO** (art. 58 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Redución** do período de escolarización para o **alumnado con altas capacidades intelectuais**:
 - **Na etapa de educación infantil:** Redución dun ano escolar. Poderá comezar a EP no ano natural en que cumpra os 5 anos de idade.
 - **Na etapa de educación primaria:** Redución dun ano escolar, independentemente de que se reducise ou non a permanencia en EI. Afectará, con carácter xeral, ao 2º curso do ciclo. Non afectará, con ese mesmo carácter, ao derradeiro curso da etapa.
 - **Na etapa da ESO:** Redución dun ano escolar, independentemente de que se reducise ou non a permanencia en etapas anteriores. Esta redución non poderá afectar ao derradeiro curso da etapa.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XVI):**
 - **Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de EI, EP e ESO (art. 58 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - **Procedemento** para a flexibilización do **alumnado con altas capacidades:**
 - **Solicitud** da dirección achegando a seguinte documentación:
 - Informe do profesorado tutor.
 - Informe psicopedagógico no que consten, entre outros aspectos, a acreditación de altas capacidades intelectuais e as medidas de atención á diversidade adoptadas.
 - Conformidade expresa da nai, pai ou persoas titoras legais.
 - Historial académico, informe persoal ou certificación académica.
 - Proposta de adaptación do currículo.
 - A **documentación** da flexibilización **cargarase na aplicación** <https://www.edu.xunta.gal/aneae/>



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XVII):**
 - **Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de EI, EP e ESO (art. 58 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - **Procedemento para a flexibilización do alumnado con altas capacidades intelectuais:**
 - **Prazos para tramitar e resolver as solicitudes:**
 - **Mes de marzo**, para que as direccións dos centros remitan ás Xefaturas Territoriais as solicitudes de flexibilización.
 - **Mes de abril** para que as Xefaturas Territoriais dean traslado á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
 - **Mes de xuño** para que a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa adopte as resolucións que proceda e lles comunique aos centros, que deberán trasladárllelas ás persoas interesadas.

ACTUALIZACIÓN

DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XVIII):**
 - **Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de EI, EP e ESO** (art. 58 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Ampliación da duración do período de escolarización. Alumnado NEE:**
 - **Educación infantil:** Ampliación dun curso escolar. Non poderá permanecer nesta etapa máis alá dos 7 anos de idade.
 - **Educación primaria:** Ampliación dun curso escolar. Non poderá permanecer na etapa máis alá dos 15 anos de idade.
A ampliación realizarase no 2º curso do 3º ciclo, logo de esgotada a medida excepcional de repetición de curso.
 - Poderá solicitarse unha segunda ampliación extraordinaria para alumnado escolarizado a tempo completo nunha unidade ou CEE, sen que poida permanecer na etapa máis alá do ano natural en que cumpra os 15 anos de idade.
 - **ESO:** Ampliación dun curso escolar. Non poderá permanecer na etapa máis alá dos 19 anos, no caso de centros ordinarios, ou dos 21 no caso de unidades ou CEE escolarizado a tempo completo.
 - Poderá solicitarse unha segunda ampliación extraordinaria para alumnado escolarizado a tempo completo nunha unidade ou CEE, sen que poida permanecer na etapa máis alá dos 21 anos de idade.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XIX):**
 - **Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de EI, EP e ESO (art. 58 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - **Procedemento para a flexibilización por ampliación para alumnado escolarizado no 1º ciclo de EI:**
 - **Solicitud á dirección da escola infantil.** Na solicitude informarán que solicitaron ou teñen previsto solicitar praza para o 2º ciclo de EI.
 - **Informe da dirección da escola infantil.**
 - **Solicitud nun centro educativo para ser admitido no 2º ciclo de EI,** indicando que solicitaron ou teñen previsto solicitar flexibilizar no 1º ciclo de EI.
 - **Informe psicopedagógico da xefatura do DO** do centro no que se solicitou praza para o 1º curso do 2º ciclo de EI.
 - **Remisión da documentación á Xefatura Territorial para traslado ao EOE.**
 - **Traslado,** por parte da **Xefatura Territorial,** da documentación **á entidade con competencia para a resolución** que corresponda [*Xerencia do Consorcio ou DX de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica*] e, de ser o caso, comunicación á dirección do centro docente en que se solicitou a admisión para cursar o 1º curso do 2º ciclo de EI.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XX):**
 - **Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de EI, EP e ESO (art. 58 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - **Procedemento para a flexibilización por ampliación para alumnado non escolarizado no 1º ciclo de EI:**
 - **Solicitud nun centro educativo para ser admitido no 2º ciclo de EI**, indicando que solicitaron ou teñen previsto solicitar flexibilización no 1º ciclo.
 - **Informe psicopedagógico da XDO** do centro no que se solicitou praza para o 1º curso do 2º ciclo de EI.
 - **Solicitud á dirección da escola infantil.** Nesa solicitud informarán que solicitaron ou teñen previsto solicitar praza para o 2º ciclo de EI.
 - **Informe da dirección da escola infantil.**
 - **Remisión da documentación á Xefatura Territorial para o traslado ao EOE.**
 - **Traslado**, por parte da **Xefatura Territorial**, da documentación **á entidade con competencia para a resolución** que corresponda [*Xerencia do Consorcio ou DX de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica*] e, de ser o caso, comunicación á dirección do centro en que se solicitou a admisión para cursar o 1º curso do 2º ciclo de EI.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXI):**
 - **Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de EI, EP e ESO** (art. 58 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Procedemento para a flexibilización por ampliación para alumnado escolarizado no 3º curso do 2º ciclo de EI, EP e ESO:**
 - **Solicitud** da dirección, achegando a **seguinte documentación:**
 - **Informe do profesorado titor** que xustifique a necesidade.
 - **Informe psicopedagógico**, no que se especifiquen as medidas adoptadas.
 - **Conformidade expresa** da nai, pai ou persoas titoras legais.
 - **Historial académico**, informe persoal ou certificación académica.
 - **Proposta de adaptación do currículo.**
 - A documentación cargarse na **aplicación** <https://www.edu.xunta.gal/aneae/>



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXII):**
 - **Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de EI, EP e ESO (art. 58 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - **Procedemento para a flexibilización por ampliación para alumnado escolarizado no 3º curso do 2º ciclo de EI, EP e ESO:**
 - **Prazos para tramitar e resolver as solicitudes:**
 - **Mes de abril**, para que as **direccións** dos centros **remitan ás Xefaturas Territoriais** as solicitudes de flexibilización.
 - **Mes de maio** para que as **Xefaturas Territoriais** dean traslado á **Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa**.
 - **Mes de xuño** para que a **Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa** adopte as **resolucións** que proceda e **llelas comunique aos centros**, que deberán **trasladárllelas ás persoas interesadas**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXIII):**
 - **Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato** (art. 59 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - O **alumnado con altas capacidades intelectuais** poderá reducir a duración das ensinanzas de **bacharelato a un curso escolar** se, ademais de cumprir os requisitos, realiza **unha proba extraordinaria de avaliación** das materias de 1º de bacharelato.
 - A **acreditación das altas capacidades intelectuais** corresponde aos **servizos de orientación** da Administración educativa.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXIV):**
 - **Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato** (Disposición derradeira primeira da Orde do 26 de maio de 2023. Modificación do artigo 59 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - 1. Modifícase a letra a) do nº 3 do art. 59 da Orde do 8 de setembro de 2021, que queda redactada nos seguintes termos:
 - «a) As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado interesado presentarán unha solicitude de participación na proba extraordinaria de avaliación do 1º curso de bacharelato, para a posible flexibilización, ante a dirección do centro docente onde foi admitido ou, de non ser o caso, no centro solicitado en primeira opción no proceso de admisión para cursar estudos de bacharelato, dentro do prazo dos **cinco días hábiles primeiros do mes de xuño**, e achegarán a documentación que xustifique os seguintes requisitos:
 - 1º. **Acreditación**, polos servizos de orientación dependentes da Administración educativa, como **alumnado con altas capacidades intelectuais**.
 - 2º. **Certificación**, da directora ou do director do centro, en que conste unha **nota media igual ou superior a nove puntos obtida na segunda avaliación parcial**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXV):**
 - **Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato** (Disposición derradeira primeira da Orde do 26 de maio de 2023. Modificación do artigo 59 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - 2. Modifícase a letra a) do nº 4 do art. 59 da Orde do 8 de setembro de 2021, que queda redactada nos seguintes termos:
 - «a) As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado autorizado á realización da proba a que se refire o punto anterior que cumpra os **criterios de promoción ao 2º curso de bacharelato e acredite unha nota media do cuarto curso da ESO igual ou superior a nove puntos** **poderán presentar unha solicitude de flexibilización** ante a dirección do centro docente en que realizaron as probas, **dentro dos dous días hábiles seguintes** á celebración das **sesións de avaliación extraordinaria de bacharelato** e da avaliación final de educación secundaria obrigatoria».



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXVI):**
 - **Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato** (art. 59 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Procedemento para autorizar a flexibilización do bacharelato para o alumnado con altas capacidades intelectuais:**
 - **Solicitud de flexibilización** ante a dirección do centro no que o alumnado realizou a proba extraordinaria (dentro dos 2 días hábiles seguintes á sesión de avaliación extraordinaria).
 - **A dirección do centro**, nos cinco días naturais seguintes, **trasladará** a solicitude á **Xefatura Territorial**, xunto coa **seguinte documentación**:
 - Documentación acreditativa de altas capacidades intelectuais.
 - Cualificacións obtidas en 4º da ESO.
 - Copia da acta de avaliación extraordinaria [de 1º de bacharelato].
 - **A Xefatura Territorial remitirá** a documentación á **Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa**, co **informe da inspección educativa**.
 - A **Dirección Xeral**, nos 5 días naturais seguintes, **comunicará a resolución** que proceda ao **centro docente** e este **trasladarállela ás persoas interesadas**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXVII):**
 - **Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato (art. 59 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - **Flexibilización do bacharelato para o alumnado con NEE:**
 - **O alumnado con NEE poderá ampliar a permanencia no bacharelato fragmentando os seus cursos por materias.**
 - **Neste caso, poderá optar á ampliación extraordinaria dun curso máis por cada un dos dous cursos académicos, sen superar a permanencia total de 6 anos nestas ensinanzas.**



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXVIII):**
 - **Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato** (art. 59 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Procedemento para fragmentación no bacharelato para alumnado NEE:**
 - **Solicitud** da dirección do centro á **Xefatura Territorial**, coa seguinte documentación:
 - **Informe do profesorado titor** que xustifique a medida.
 - **Informe dos servizos de orientación que acrediten as NEE** e se propoña esa medida.
 - **Conformidade expresa** da nai, pai ou persoas titoras legais.
 - **Historial académico.**
 - **Proposta** de nova distribución temporal.
 - **A Xefatura Territorial** trasladará a solicitude á **Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa**, co informe da inspección educativa.
 - **A DX adoptará a decisión** que proceda e **comunicaraa** á dirección do centro para o seu traslado ás persoas interesadas.
 - **A solicitude e autorización** realizarase para cada curso de bacharelato a 79 / 108 través da aplicación <http://www.edu.xunta.gal/aneae>



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXIX):**
 - **Flexibilización modular na formación profesional** (art. 16 da Orde do 12 de xullo de 2011):
 - Realizada a sesión de **avaliación inicial** a dirección do centro presentará a **solicitud** no **servizo territorial de inspección educativa** para que se emita informe.
 - Á solicitud deberáselle xuntar a seguinte **documentación**:
 - **Informe** que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo DO en colaboración co/a profesor/a que exerza a titoría.
 - **Conformidade expresa** do pai e da nai, ou de quen dispoña da titoría legal do/a alumno/a, en caso de ser menor de idade, ou a súa propia, se é maior de idade.
 - **Copia** da certificación académica.
 - O servizo de inspección remitirá a documentación, xunto co seu informe, á **Xefatura Territorial**, a quen corresponderá a **autorización** ou a **denegación** da flexibilización.
 - Por iniciativa do servizo territorial de inspección educativa, poderáselle **requirir ao EOE a elaboración dun informe complementario** que motive a resolución.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXX):**
 - **Flexibilización modular na formación profesional** (art. 17 da Orde do 12 de xullo de 2011):
 - **Prazos** no procedemento de flexibilización:
 - Para **presentar as solicitudes** perante o servizo territorial de inspección educativa:
 - ata o **31 de outubro** de cada curso académico.
 - A **resolución da autorización** da flexibilización comunicáraselle ao centro no **prazo de dez días** contados a partir do día seguinte ao da súa recepción, para a súa comunicación á persoa interesada.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXXI):**
 - **Programas de diversificación curricular** (art. 22 do Decreto 156/2022):
 - Consisten nunha **modificación** e adaptación do currículo desde 3º da ESO.
 - Orientados á **consecución do título de Graduado en ESO**, por alumnado que presente **dificultades relevantes de aprendizaxe** e se considere que é a **medida máis axeitada** para a obtención do dito título.
 - Terán **dous cursos** de duración.
 - O **equipo docente** poderá **propoñer** a incorporación do alumnado que se encontre nalgunha das seguintes situacións:
 - Ter cursado 2º da ESO e non estar en condicións de acadar a promoción a 3º.
 - Ter cursado 3º da ESO e non estar en condicións de acadar a promoción a 4º. Para estes efectos, o alumnado que non poida repetir 3º curso poderá incorporarse ao 2º curso do PDC correspondente a 4º da ESO.
 - Excepcionalmente, o equipo docente poderá propoñer a incorporación a 2º curso de PDC ao alumnado que teña que repetir 4º curso da ESO.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXXII):**
 - **Programas de diversificación curricular** (art. 61 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - O **alumnado** destinatario desta medida extraordinaria debe cumprir, **simultaneamente**, os **seguintes requisitos**:
 - Ser **alumnado con NEAE** que presente dificultades de aprendizaxe.
 - Ter sido **obxecto doutras medidas de atención á diversidade**.
 - Atoparse en **risco evidente** de non acadar os obxectivos e as competencias da etapa cursando o currículo ordinario.
 - Contar con **expectativas razoables** de obter o título de graduado en ESO.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXXIII):**
 - **Programas de diversificación curricular** (art. 22 do Decreto 156/2022):
 - Incluirán **dous ámbitos específicos**:
 - **a) O ámbito Lingüístico e Social**, que inclúe as materias de Lingua Castelá e L., Lingua Estranxeira, Lingua Galega e L. e Xeografía e Historia.
 - **b) O ámbito Científico-Tecnolóxico**, que inclúe as materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Matemáticas.
 - Incluirán o **resto de materias de 3º e de 4º da ESO** non incluídas nos ámbitos específicos, que o alumnado cursará nun grupo ordinario.
 - Cada **ámbito específico será impartido** por unha única profesora/profesor con atribución docente nalgunha das materias que forman parte do ámbito.
 - No caso de que o ámbito Lingüístico e Social sexa impartido por unha profesora ou un profesor dunha especialidade diferente á que é propia da materia de Lingua Estranxeira, deberá acreditar, polo menos, o nivel B2 na lingua correspondente.
 - Por **razóns organizativas**, a parte do currículo correspondente á Lingua Estranxeira poderá ser impartida, de xeito independente, por profesorado da especialidade da lingua estranxeira.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXXIV):
 - Programas de diversificación curricular:
 - A incorporación requirirá, ademais da **avaliación académica**, un **informe de idoneidade da medida**, e realizarase **oído** o propio alumno/a, e contando coa **conformidade** das súas nais, pais, titoras ou titores legais.
 - As administracións educativas establecerán o **currículo destes programas** que deberán, en todo caso, **garantir o logro das competencias establecidas no Perfil de saída**.
 - As administracións educativas garantirán ao **alumnado con NEE** que participe nestes programas os **recursos de apoio** que, con carácter xeral, estean previstos para este alumnado.
 - As **decisións sobre a permanencia** dun ano máis nos mesmos adoptaranse exclusivamente á **finalización do 2º ano** do programa.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXXV):**
 - **Programas de diversificación curricular** (art. 61 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Os **grupos** que se conformen non superarán, con carácter xeral, o **n.º máximo de 10 alumnos/as**, nin terán un **n.º inferior a 5**.
 - **Procedemento** para a incorporación a un PDC:
 - **Proposta do equipo docente**, despois da avaliación final.
 - **Informe individualizado** do profesorado tutor.
 - **Informe da xefatura do DO** que inclúa as conclusións do informe da persoa tutora, as conclusións da avaliación psicopedagóxica, e a opinión das nais, pais ou persoas tutoras legais.
 - **Valoración das propostas** por unha comisión integrada pola xefatura de estudos, xefatura do DO e profesorado tutor.
 - A **dirección do centro elevará a proposta** á inspección educativa.
 - A **inspección educativa** emitirá autorización expresa antes do inicio das actividades lectivas.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXXVI):**
 - **Atención educativa domiciliaria** (art. 62 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Destinatarios:**
 - **Alumnado escolarizado en centros docentes** sostidos con fondos públicos que deba **permanecer convalecente** no domicilio por un período de tempo **superior a un mes**.
 - **Alumnado que padeza algunha doenza crónica** que sexa a causa de **faltas de asistencia** ao centro de **seis ou máis días continuados ao mes** dentro dun **período mínimo de seis meses**.
 - A **prestación** de atención educativa domiciliaria someterase a **revisión**, como mínimo **en cada avaliación**, co obxectivo de **reincorporación do alumnado ao ensino presencial**, de **xeito gradual**, se así se determina.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXXVII):**
 - **Atención educativa domiciliaria** (art. 62 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Procedemento:**
 - **Solicitud** da nai, pai ou persoas titoras legais á **dirección** do centro, xunto co **informe dos servizos sanitarios**.
 - **Informe** da **dirección** respecto da **dispoñibilidade** do **profesorado do centro** para desenvolver esta atención educativa.
 - **Traslado á Xefatura Territorial** nun **prazo máximo de 5 días** desde a recepción da solicitude.
 - A **Xefatura Territorial**, á vista do **informe da inspección educativa**, adoptará a **resolución** que proceda **nun prazo de 5 días**.
 - Cando a situación de convalecencia se **prolongue máis alá do curso académico**, a **continuidade requirirá nova solicitude e autorización**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXXVIII):**
 - **Atención educativa domiciliaria (art. 62 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - Poderase **proporcionar a través do profesorado do centro**, preferentemente a **persoa titora**, se a participación ten carácter voluntario e non implica incremento de persoal.
 - O **profesorado de atención educativa domiciliaria**, tendo en conta a **programación didáctica** do ciclo/nivel, **elaborará**, en **coordinación coa persoa titora** e co **asesoramento da xefatura do DO**, un **programa individualizado** que desenvolverá coa alumna/o.
 - A **persoa titora coordinarase** regularmente **co profesorado de atención educativa domiciliaria**, a **quen trasladará**, obtidas do equipo docente, as **tarefas planificadas** para a aula ordinaria e a **súa temporización**.
 - O **profesorado de atención educativa domiciliaria** emitirá, con **frecuencia mensual**, ou **previo a cada avaliación**, un **informe relativo ao desenvolvemento** desa **atención**.
 - A **avaliación** do alumnado e as **decisións de promoción e titulación** serán **competencia e responsabilidade** do **equipo docente**.
 - A atención educativa domiciliaria **prestarase** de xeito **presencial** no domicilio, **mediante atención virtual ou mixta**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XXXIX):**
 - **Atención educativa domiciliaria (art. 62 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - No caso de que **esta atención non poida realizarse desde o centro educativo, a dirección comunicara**o ao servizo de inspección educativa que, **analizados os horarios do centro, emitirá o correspondente informe á Xefatura Territorial, no que se propondrá a atención educativa por persoal do centro, [por persoal de atención educativa domiciliaria] ou polo equipo de atención virtual do alumnado.**
 - A Xefatura Territorial emitirá unha resolución que concretará a máxima asignación horaria en función da etapa educativa da alumna/o e a duración desa atención.
 - O alumnado de **bacharelato** que **non poida ser atendido** polo centro docente recibirá atención educativa na **modalidade de educación a distancia** mediante o **traslado provisional da matrícula**, mantendo a praza educativa no centro de procedencia.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XL):**
 - **Atención educativa domiciliaria** (art. 62 da Orde do 8 de setembro 2021):
 - A nai/pai ou **persoas titoras legais** garantirán a presenza no domicilio dunha **persoa adulta responsable** durante o tempo de intervención, presencial ou virtual.
 - Ao finalizar cada curso, o profesorado de atención educativa domiciliaria elaborará unha memoria onde se recollerá unha valoración da atención educativa levada a cabo, así como as propostas de mellora. Esta memoria **entregaráselle á persoa titora**.
 - Realizarase unha **revisión desta medida** por parte do equipo docente, coincidindo con **cada sesión de avaliación**.
 - Para o **alumnado** que, por motivos de saúde **non poida asistir ao centro e non reciba atención educativa domiciliaria**, o **equipo docente, coordinado polo profesorado titor, elaborará** unha proposta de **actividades educativas**. Esa proposta entregaráselle á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais, para a súa realización pola alumna/o e posterior devolución ao mesmo equipo.
 - http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/atencion_educativa_domiciliaria_v2.pdf



ACTUALIZACIÓN

DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XLI):**
 - **Atención educativa hospitalaria** (art. 62 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Destinatario:** Alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalguna das seguintes situacións:
 - **Longa hospitalización:** máis de 30 días.
 - **Media hospitalización:** entre 15 e 30 días.
 - **Curta hospitalización:** menos de 15 días.
 - O **alumnado de longa e media hospitalización** será quen reciba atención educativa en **coordinación** co centro de orixe, mentres que o de **curta hospitalización** poderá realizar **actividades educativas** de carácter xeral.
 - O **profesorado** de atención educativa hospitalaria **informará ás familias** da **existencia e características do servizo**. Igualmente, **informará á inspección educativa** do horario, da **coordinación cos centros docentes** e do mantemento do vínculo coa aula ordinaria, da colaboración coas familias, da colaboración con entidades...



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XLII):**
 - **Atención educativa hospitalaria (art. 62 da Orde do 8 de setembro 2021):**
 - Será **prestada polo profesorado das aulas ou unidades creadas ou autorizadas nos centros hospitalarios**, a partir da **solicitud** da nai, pai ou persoas titoras legais do alumnado de media e longa hospitalización ao profesorado da unidade, **achegando o certificado médico** en que figure a **previsión do tempo** de hospitalización.
 - O **profesorado da aula hospitalaria remitirá copia** dos documentos ao **centro de procedencia** do alumnado.
 - **A dirección do centro**, por proposta do profesorado titor, **remitirá, cunha frecuencia quincenal, a proposta de actividades** elaborada polo equipo docente para a aula ordinaria.
 - A **avaliación dese alumnado e a decisión de promoción ou titulación** será competencia e responsabilidade do **equipo docente** do centro onde **o/a alumno/a estea matriculado/a**.
 - Ao **finalizar cada curso escolar** o profesorado da aula educativa hospitalaria elaborará **unha memoria anual** do traballo desenvolvido.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XLIII):**
 - **Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro (art. 67 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - **Será considerado alumnado NEAE.**
 - **A escolarización realizarase segundo o procedemento establecido na normativa que regula a admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos.**
 - **No momento da incorporación farase a avaliación inicial que, de ser necesario, se complementará coa avaliación psicopedagóxica.**
 - **Se tras esa avaliación se detecta un desfasamento curricular de máis de dous cursos, poderase escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade, incorporándose ao curso correspondente á súa idade no caso de superar ese desfasamento.**



ACTUALIZACIÓN

DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XLIV):**
 - **Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro** (art. 68 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Grupo de adquisición de linguas:**
 - Son **agrupamentos** de alumnado de **EP, ESO** e, excepcionalmente, do **derradeiro curso de EI**.
 - O alumnado **poderá formar parte** do grupo de adquisición de linguas **un máximo dun trimestre**. A **inspección educativa** **poderá autorizar a ampliación excepcional** dese período.
 - O **alumnado deberá pertencer á mesma etapa educativa**.
 - **Solicitud** da dirección do centro á **inspección educativa**, a quen corresponde a autorización, xunto coa seguinte documentación:
 - **Informe** xustificativo do **profesorado titor**.
 - Relación do **alumnado que conforma o grupo**.
 - Relación do **profesorado encargado da docencia**.
 - Acreditación da **información á nai/pai ou persoas titoras**.
 - Especificación do **período de tempo para o que se solicita**.
 - **Programación ou plan de traballo** para desenvolver.



ACTUALIZACIÓN

DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade (XLV):**
 - **Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro** (art. 69 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Grupo de adaptación da competencia curricular:**
 - Son agrupamentos de alumnado de **2º e 3º ciclos de EP e/ou da ESO** que presentan **desfasamento curricular de dous ou máis cursos nas áreas instrumentais**.
 - **Finalidade:** contribuír a unha competencia curricular que lle permita a incorporación ás actividades de aprendizaxe propostas ao grupo en que estea escolarizado.
 - A **permanencia** do alumnado **poderá estenderse ao longo do curso escolar**.
 - Levarase a cabo nunha **fracción de xornada escolar semanal, coincidindo coas áreas de carácter instrumental, sen abranguer a totalidade do horario semanal** de cada unha delas.
 - O **alumnado deberá pertencer á mesma etapa educativa**.
 - As nais/pais ou persoas titoras legais **deberán estar informados/as**.
 - A **tramitación e autorización** realizarase de **acordo co disposto para os grupos de adquisición de linguas**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Outras medidas (I):
 - Agrupamento de áreas/materias en ámbitos:
 - **Art. 12 do Decreto 155/2022:**
 - 1. Os centros docentes poderán establecer agrupacións de áreas en ámbitos no marco do establecido a este respecto pola consellería con competencias en materia de educación.
 - 2. O currículo dos ámbitos constituídos por agrupacións de áreas incluírá os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das áreas que os conforman, así como o horario asignado ao conxunto das mesmas.
 - **Art. 13 do Decreto 156/22:**
 - 1. Os centros docentes poderán establecer, nos tres primeiros cursos da etapa, agrupacións de materias en ámbitos no marco do establecido a este respecto pola consellería con competencias en materia de educación.
 - 2. O currículo dos ámbitos constituídos por agrupacións de materias incluírá os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das materias que os conforman, así como o horario asignado ao conxunto delas.



ACTUALIZACIÓN

DA NORMATIVA PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Outras medidas (II):**
 - **Agrupamento de materias en ámbitos** (art. 7 e 9 da Resolución do 6 de xuño de 2023):
 - En educación primaria afectará a todos os grupos de nivel. En ESO non condiciona a todos os grupos de nivel.
 - Na planificación do proceso de E/A dos ámbitos deberán respectarse os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das áreas que se integran nestes, así como o horario asignado ao conxunto delas. A programación didáctica do ámbito realizarase de maneira globalizada, combinando os elementos curriculares das materias.
 - En ESO cada ámbito será impartido por un único profesor con atribución docente nalgunha das materias que integran o ámbito.
 - A constitución destas agrupacións requirirá autorización expresa dos servizos de inspección. Os centros docentes remitirán a documentación antes do 13 de xullo.



ACTUALIZACIÓN

DA NORMATIVA PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Outras medidas (III):**
 - **Exención da segunda lingua estranxeira na ESO** (art. 6. da Orde do 26 de maio de 2023):
 - 1. O alumnado dos dous primeiros cursos que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de segunda lingua estranxeira. Neste caso, recibirá reforzo nas aprendizaxes daqueles aspectos en que se detectasen as dificultades.
 - 2. Esta medida será proposta, con carácter xeral, nun informe elaborado pola persoa titora no curso anterior coa colaboración do DO ou, de ser o caso, na avaliación inicial.
 - 3. A competencia da decisión de exención da materia de segunda lingua estranxeira recaerá na dirección do centro docente, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado afectado pola medida.
 - Esta materia consignarase nos documentos de avaliación co termo «Exenta/o» (EX).



ACTUALIZACIÓN

DA NORMATIVA PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Outras medidas (IV):**
 - **Organización do bacharelato en tres anos académicos** (art. 12 do Decreto 157/2022):
 - 1. Conforme ao previsto no art. 32.3 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e ao previsto no art. 15 do Real decreto 243/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato, a consellería con competencias en materia de educación disporá as medidas que posibiliten que unha alumna ou un alumno realice o bacharelato en tres anos académicos, en réximen ordinario, sempre que as súas circunstancias persoais, permanentes ou transitorias, o aconsellen. Nestes casos considerarase a posibilidade de que o alumnado curse simultaneamente materias de ambos cursos de bacharelato.
 - 2. Poderá acollerse a esta medida o alumnado que se atope nalguna das seguintes circunstancias:
 - a) Que curse a etapa de maneira simultánea ás ensinanzas profesionais de Música ou de Danza.
 - b) Que acredite a consideración de deportista de alto nivel ou de alto rendemento.
 - c) Que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha NEAE.
 - d) Que alegue outras circunstancias que, a xuízo da consellería con competencias en materia de educación e nos termos que dispoña, xustifique a aplicación desta medida.
 - 3. A consellería con competencias en materia de educación determinará a distribución que se fará das materias que compoñen o bacharelato.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Escolarización diferente da ordinaria (I):**
 - **Escolarización en unidades de educación especial ou en CEE** (art. 29-32 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Enténdese por **unidades de EE** as **unidades creadas ou habilitadas en centros docentes ordinarios** para atender, exclusivamente, **alumnado con NEE**, cando no ditame de escolarización se considere a medida máis adecuada.
 - Por **CEE enténdese** aquel onde se **escolariza**, exclusivamente, **alumnado con NEE** que require modificacións significativas do currículo e que precisa a utilización de recursos moi específicos ou excepcionais.
 - O alumnado con NEE pode escolarizarse nunha **unidade de EE ou non CEE a tempo completo ou en escolarización combinada**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Escolarización diferente da ordinaria (II):**
 - **Escolarización en unidades de EE ou en CEE** (art. 29-32 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Procedemento para a escolarización dun alumno/a con NEE nunha unidade de EE ou nun CEE:**
 - **Ditame de escolarización**, realizado polos servizos de orientación.
 - **Informe** do servizo territorial de **inspección educativa**.
 - **Autorización da Xefatura Territorial** ou, de ser o caso, da **Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa**.
 - Cando se trate de **escolarizacións combinadas**, a **autorización especificará os tempos** que a alumna ou o alumno estará en cada centro e/ou unidade.
 - Este **procedemento** realizarase tamén para a **escolarización do alumnado con NEE nun centro ordinario de escolarización preferente**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Escolarización diferente da ordinaria (III):**
 - **Organización das ensinanzas nos CEE e nas unidades de EE** (art. 85 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **As ensinanzas nos CEE e nas unidades de EE abordarán unha educación básica obrigatoria e unha FP adaptada e de transición á vida adulta.**
 - **A educación básica obrigatoria** terá unha **duración mínima de 10 anos** e centrarse no desenvolvemento dos obxectivos e das competencias no grao en que as características do alumnado o posibiliten, **podendo incorporar formación profesional adaptada** ás necesidades do alumnado, que promovan a adquisición das aprendizaxes para facilitar a transición á vida adulta.

ACTUALIZACIÓN

DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Escolarización diferente da ordinaria (IV):**
 - **Organización das ensinanzas nos CEE e nas unidades de EE (art. 85 da Orde 8 de setembro de 2021):**
 - **Educación básica obrigatoria:**
 - Terá como **referente**, con carácter xeral, **o currículo da enseñanza en que a/o alumna/o estea matriculada/o**.
 - As **áreas ou materias** poderán agruparse en **ámbitos de coñecemento**.
 - Nas **AC** priorizaranse os obxectivos directamente relacionados coa comunicación, a autonomía persoal e o desenvolvemento social, considerando a funcionalidade das aprendizaxes.
 - A **avaliación** efectuarase segundo a normativa pola que se establece o **currículo** e se regula a ordenación das **etapas de EP e ESO**, así como nas **normas** nas que se **concreta a avaliación e a promoción** destas etapas.
 - Os **referentes da avaliación do alumnado con AC serán os incluídos na adaptación, sen que isto poida impedirilles a promoción ou a titulación**.
 - **Ao finalizar a escolarización o alumnado recibirá un consello orientador** elaborado polo profesorado titor, coa participación da XDO.
 - A **ratio** será, con carácter xeral de **5 alumnos/as por unidade**.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Escolarización diferente da ordinaria (IV):**
 - **Organización das ensinanzas nos CEE e nas unidades de EE** (art. 85 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **A FP adaptada ten como finalidade a adquisición das competencias profesionais e de habilidades para a vida diaria** que permitan ao alumnado desenvolverse coa máxima autonomía posible nos ámbitos persoal, social e laboral, **tendo en conta**:
 - As **ofertas específicas** van destinadas ao alumnado cuxa inclusión en ofertas ordinarias non sexa posible e cuxas necesidades non poidan ser atendidas no marco das medidas de atención á diversidade.
 - **Incluirán módulos asociados a unidades de competencia incluídos nalgún título de FPB, cuxa superación terá carácter acumulable para a superación de dito título**, podendo incorporar formación adaptada ás necesidades do alumnado, que promovan a adquisición das aprendizaxes para facilitar a súa transición á vida adulta.



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Escolarización diferente da ordinaria (V):**
 - **Centros docentes ordinarios de escolarización preferente** (art. 28 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Considéranse centros docentes ordinarios de atención preferente aqueles que, ademais de atención educativa ordinaria, se habilitan para atender alumnado con NEE que, polas súas singulares características, precisa recursos humanos ou materiais específicos e de difícil xeneralización na totalidade dos centros docentes ordinarios sostidos con fondos públicos.
 - A escolarización realizarase segundo o establecido con carácter xeral para a totalidade do alumnado, agás que se trate de alumnado con NEE. Neste caso, a escolarización realizarase mediante resolución da Xefatura Territorial que corresponda.
 - O alumnado que, polas súas NEE, deba ser escolarizado nun centro docente ordinario de escolarización preferente terá como referente o currículo do ciclo ou do nivel que curse e contará cos recursos e coas medidas educativas ordinarias ou extraordinarias que precise, as cales se reflectirán no informe psicopedagóxico e no ditame de escolarización.
 - A habilitación dun centro docente ordinario como centro de escolarización preferente farase mediante resolución da DX de Centros e RRHH, por proposta da Xefatura Territorial correspondente, considerando os ditames de escolarización dos servizos de orientación e os informes da inspección educativa. Nesa resolución especificaranse as NEE para as cales se habilita.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Conclusión:**



*“A beleza do universo
non é a unidade da
variedade, senón a
diversidade na
unidade”
Umberto Eco*



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

GRAZAS POLA VOSA ATENCIÓN

M.^a Magdalena Duarte Blanco
mdb@edu.xunta.gal
Teléfono: 981 184488